

LENDAS DE OURENSE

Miguel Mosquera Paans



Título: *Lendas de Ourense*
 © Miguel Mosquera Paans

Primeira edición, decembro 2011

Coordinación: Cándido Meixide Figueiras

Maquetación: Ramón Pais Martínez

© da edición
 Edicións do Cumio, S. A.
 Pol. ind. A Reigosa, parcela 19
 36827 Ponte Caldelas, Pontevedra
 Tel.: 986 761 045 | Fax: 986 761 022
 cumio@cumio.com | www.cumio.com

© Reservados todos os dereitos.
 Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública
 ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización
 dos titulares, salvo excepción prevista pola lei.

Diríxanse a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos,
 www.cedro.org) se precisan fotocopiar, escanear ou facer copias dixitais
 dalgún fragmento desta obra.

ISBN: 978-84-8289-432-4
 Impresión: Mongraf Artes Gráficas
 Depósito legal:
 Impreso en Galicia

PRÓLOGO	17
LENDAS DE ANIMAIS FANTÁSTICOS	
O can da morte.....	21
O paxaro Malvís.....	23
O oso de Oseira.....	24
O bufo sen medo.....	25
O paxaro da morte.....	26
A cabra de ouro de Almiote.....	28
O cabalo tolo.....	29
A andoriña.....	30
A galiña de Castelo.....	31
A festa dos bois de Allariz.....	32
O dragón ou o crocodilo de Ourense.....	33
LENDAS DE ÁNIMAS	
As ánimas de Boborás.....	37
Os ollos do anxo da morte.....	38
A Marimanta.....	39
A Santa Compañía.....	40
A Estadea ou Compañía.....	42
A Sociedade do Óso.....	43
A procesión das Xas.....	44
A luz do Couto.....	45
O trasno neneiro.....	46
A lavandeira de Pazos de Arenteiro.....	47
A luz do val de Maceda.....	49
A Dama do Castro de Santa Águeda.....	50
A luz de Vilar de Cans.....	51
A nena desaparecida de Vales.....	52
LENDAS DE ÁRBORES	
A sobreira do monte da forza e os besteiros.....	55
Os bidueiros vermellos.....	56
A Roda dos Rebolos.....	57

O carballo de Santa Mariña de Augas Santas.....	58
Os carballos da igrexa de Bande.....	59
O carballo do Carballiño.....	60
A Caracocha.....	61
LENDAS DE BARCOS	
O barco pantasma en Ribadavia.....	65
O barco das Ermidas.....	66
LENDAS DE BATALLAS	
O monte Medulio e o teixo.....	69
Carlomagno en Vilardá.....	70
Don Roldán e as princesas.....	71
A batalla de San Fagundo.....	73
A batalla de Marrubio.....	74
LENDAS DE CASTROS	
O feirante de Carballedo.....	77
Castro de Armeá.....	78
Castro de Trelle.....	79
Castro de Garfián.....	80
Castro de Magros.....	81
Castro de Meimón.....	82
Castro de Vilachá.....	83
LENDAS DE CIDADES	
A cidade de Antioquía.....	87
A cidade de Medorra.....	88
LENDAS DE COVAS	
A cova da Curuxa.....	91
A cova do Esquecemento.....	93
A cova da Serpe de Punxín.....	94
Os biocos do Monte Cabanas.....	95
LENDAS DE CRISTO	
O Cristo de Trives.....	99
O Santo Cristo de Ourense.....	100
O Santo Cristo de Ourense de Brazatortas.....	101
O Nazareno.....	102
LENDAS DE CRUCEIROS	
O cruceiro da praza da Magdalena.....	105
A cruz de Montealegre.....	106

LENDAS DE CURAS, ABADES E FRADES	
O bispo da Gudiña.....	109
O abade de Oseira e a Coresma.....	110
Os nove aneis de Ribas de Sil.....	111
Os nove bispos de Ourense en Ribas de Sil.....	112
O abade de Manín.....	113
O viño do señor cura.....	114
O abade criminal.....	116
A riqueza do cura da Casa da Pousa.....	117
Os novizos de Leboreiro.....	118
O desprezo.....	119
A cheminea de Oseira.....	120
O abade nigromante de Oseira.....	122
O sepulcro do bispo descoñecido.....	124
Os seis curas de Lameiroquente.....	125
LENDAS DE DIAÑOS E DEMOS	
Os demiños larpeiros.....	129
O demo tolo.....	130
Custodia e o demo.....	131
LENDAS DE EDIFICIOS E EDIFICACIÓNS	
A casa da viúva.....	135
A Casa da Escasulla.....	136
O forno de Augas Santas.....	137
O chalé Col.....	138
A Casa da Neve.....	139
LENDAS DE FONTES	
A fonte do diaño.....	143
A fonte santa de San Fagundo.....	144
A fonte da Cruz da Cardeita.....	145
A fonte do mouro de Sandiás.....	146
A moura da fonte de Sandiás.....	147
A fonte das tres xuncas.....	148
O cardo branco da Castiñeira.....	149
A fonte da Nosa Señora.....	150
A fonte de Ana Manana.....	151
A fonte de San Lourenzo.....	153
A fonte de oito canos.....	154
O Bañiño de Arcos.....	155
A fonte de Pormás.....	156
A fonte do Saltón.....	157
A fonte do verrón de Vilamaior.....	158

LENDAS DE IGREXAS E MOSTEIROS

A capela de San Miguel de Celanova.....	161
A capela de Santo Antón da Mezquita.....	162
A ermida da Nosa Señora do Xurés.....	163
A capela da Pena Tallada de Laza.....	164
San Trocado en Santa Comba de Bande.....	165
O mosteiro de San Pedro de Rocas.....	166
O santuario de Santa María das Ermidas.....	167
A capela da Merca.....	168
A capela da Nosa Señora das Neves.....	169
A capela de San Miguel de Bostelo.....	170
A capela de San Bartolomeu.....	171
O baldaquino de Oseira.....	172
A igrexa do Diaño.....	173
A Virxe da barca do mosteiro das Ermidas.....	174
O mosteiro de San Munio de Veiga.....	175
Os frades de Melón.....	176
A agulla do Demo.....	178
As Ermidas e o bispo de Astorga.....	180
O santuario dos Milagres do Monte Medo.....	181
A igrexa da Veracruz.....	182

LENDAS DE LAGOS

Xunqueira de Ambía.....	185
O Puzo do Lago.....	186
San Martiño do Lago.....	187
A lagoa da Serpe.....	188
A lagoa de Antela.....	189
Os exércitos do rei Artús na lagoa de Antela.....	190
A Albergaría alagada.....	191

LENDAS DE LOBOS

O lobo branco.....	195
A muller lobo.....	197
A Raíña Loba.....	199
O home lobo de Pardo.....	200
Romasanta: o Lobishome ou o Sacaúntos.....	201
A Peluda e o Lobishome.....	202

LENDAS DE MANS

A man negra de Cerreda.....	205
A man amputada das Burgas.....	206

LENDAS DE MEIGAS

A meiga de Amoeiro.....	209
A meiga de San Amaro.....	210
As meigas do Mato.....	211

LENDAS DE MOUROS

As mouras do castro de Souteliño.....	215
O pote de aceite.....	216
A moura de Arnoia.....	219
O candil do rei mouro.....	220
Os mouros do castro da Pena da Lebre e o de Outeiro de San Marcos.....	221
A pía da moura.....	222
A Loureiriña de Beariz.....	223
Os mouros de Castromao.....	224
María dos mouros.....	225
A casa da moura.....	226
A moura de Lombao.....	227
Lenda de Vilamarín.....	228
A pota do castro de Cameixa.....	229
A cabra de ouro do castro de Cameixa.....	230
As mouras do Treboal.....	231
Chourizos na mina dos mouros.....	232
A moura do castelo de Cerveira.....	233
A moura de Parada de Amoeiro.....	234
Os mouros da Pena de Ferro.....	235

LENDAS DE MUÍÑOS

O muíño da Fraga.....	239
O muíño do Formigueiro.....	240

LENDAS DE PEDRAS, PENAS E PENEDOS

As pedras máxicas de Nocelo.....	243
A pena do vento norte.....	244
A Pedra Alta ou Antela.....	245
O penedo de Casal ou a lenda da serpe de Casal.....	246
As orellas do monte de Rubiás.....	247
Desde Penedo Redondo até a fonte Sartaña.....	248
O Tangaraño de Barbadás.....	249
O Penedo do Arangaño de Cortegada.....	250
A Pena das Sete Cruces.....	251
A Peneda da Moreiriña.....	252
O Penedo das Ferraduras.....	253
O Penedo do Fuxido.....	254

A Pena dos Namorados	255
Os Penedos da Raíña Loba dos Blancos	256
A Pena Redonda.....	257
As tres rochas de Rouzós	258
O penedo da Teixeira	259
A pedra do Salto do Cabalo.....	260
LENDAS DE PERSONAXES	
Dona Chama	263
Xan de Arzúa	264
O tío Roque e o Marrequiño.....	265
O Rei Neno	266
O ermitán	267
Nemeto Brego e o pau de lume.....	269
O Vanitán	270
O xigante da leira da moura.....	272
A bebedela do duque de Lancaster.....	273
O ancián de Porcarrizas	274
O fuxido e <i>O Ciprianiño</i> en Amoeiro.....	275
O vello de Piñor	277
Senén das Laguiñas	278
Xan das congostras.....	279
Xente con rabo en Porcarrizas.....	280
O exclaustro de Diabelle.....	281
Rosa e a Virxe do Cristal.....	282
Pedro Madruga	283
Pedro de Soutomaior	284
O arqueiro da serra	285
A veciña da fraga de Caé.....	286
Os namorados de Muradás.....	287
LENDAS DE POZOS	
O pozo do inferno de Castro Caldelas.....	291
O pozo das tres Señoras	292
O pozo de Maimón	293
O pozo do Castelo do Formigueiro	294
O Pozo Verde de Monterrei.....	295
O Pozo da Serpe	296
LENDAS DE PONTES	
A ponte de Ponteboa	299
A ponte da Raíña Loba.....	300
A ponte Pedriña	301

LENDAS DE RÍOS	
O río do Esquecemento	305
San Mamede e a orixe do río Arnoia.....	306
Santa María de Montederramo e o río Mao.....	307
A morte do Sil	308
As troitas do país	309
As feiticeiras do Sil	310
Os xacios do Miño	311
As lavandeiras do Sil	312
Don Roldán e as tres costureiras de Puxares.....	313
O sexo dos ríos	315
LENDAS DE SANTOS	
Beato Sebastián de Aparicio.....	319
O asasinato do criado de san Pedro en Ribadavia.....	320
Santa Ana na Limia	321
O milagre de san Martiño.....	322
San Wentila	323
O nacemento de san Rosendo.....	324
Santa Mariña de Augas Santas.....	325
Santo Isidro de Bóveda	326
San Francisco Blanco	327
Santa Eufemia de Lobios.....	328
Santa Apolonia e a Pena de Belán.....	329
O milagre de san Salvador de Celanova.....	330
San Bieito da Uceira	331
A lumieira de san Bieito da Uceira.....	332
O traxe de pel de santo Estevo.....	333
San Trocado	334
Dona Úrsula	335
LENDAS DE SERPES	
A serpe xigantesca de Seadur.....	339
A serpe do monte dos Castelos.....	340
LENDAS DE TESOUROS	
O tesouro do pazo de Almuzara.....	343
O tesouro da Gudiña	344
O tesouro do xigante da porta do mouro.....	345
O tesouro de Mugares	346
O tesouro da igrexa das Neves de Pedrouzos.....	347
O tesouro do papa	348
O tesouro da mina de Barbadás.....	349

O tesouro do mosteiro da Limia.....	350
O tesouro do castelo de Sandiás.....	351
O carro de ouro da Touza.....	352
O tesouro do outeiro da Campa.....	353
LENDAS DE TORRES E CASTELOS	
O castelo da fame.....	357
O Apóstolo e o castelo da Peroxa.....	359
A traizón da torre de Sandiás.....	360
O castelo de Sandiás.....	361
O prisioneiro de Pena Corneira.....	362
LENDAS DE TRABES E PORTAS	
As trabes de Vilariño.....	367
A porta de Alongos.....	368
As tres trabes de San Amaro.....	369
A trabe de ouro de San Tomé.....	370
LENDAS DA VIRXE	
A Virxe de Santa María de Reza.....	373
A Virxe das Cadeiras de Pinol.....	374
As sete Virxes de Anamán.....	375
O milagre da Nosa Señora dos Remedios en Ourense.....	376
A Virxe do Cristal.....	377
A Virxe María e a filla do rei.....	378
LENDAS DO FIN DO MUNDO	
O fin do mundo en terras de Monterrei.....	381
O fin do mundo en Albarellos.....	382
LENDAS FUNDACIONAIS	
A maldición do sangue.....	385
A cidade de Anfiloquia.....	387
A fundación da igrexa de Santa María Nai.....	388
As Burgas.....	389
Os sete infantes de Vilanova.....	391
O rei neno ou a orixe do Couto Mixto.....	392
O pacto de Gomesende.....	393
A fundación de Viana do Bolo.....	394
Castro de Morgade e o Bon Xesús.....	395
O Bon Xesús de Trandeiras.....	396
A orixe de Xurenzás.....	397
O foro de Lobeira ou os tres irmáns da casa do rei.....	398
A Correa.....	399

A orixe de Lobeira.....	400
<i>Os do Anciño</i> de Xurenzás.....	401
A fundación do mosteiro de Celanova.....	402
A orixe do canón do Sil.....	403
Vilar de Porcos.....	404
A orixe da Ribeira Sacra.....	405
O berce de Ourense.....	406
O berce de Castro Caldelas.....	407
FONTES, NOTAS E REFERENCIAS.....	411
BIBLIOGRAFÍA.....	439

*Ao insigne Tomás Docampo Núñez, embaixador
para o mundo da República Independente de
Fontei, A Rúa.*

Prólogo

O primeiro que o vexa dirá: “Outro libro máis de lendas”. Estou certo de que se trabuca. Non se trata dunha escolma máis, senón da definitiva, da que abrangue as duascentas oitenta lendas máis senlleiras da nosa xeografía, case, con toda seguridade, a totalidade —máis aínda se rexeitamos reiteracións—, e, ao tempo, a que comprende case todos os concellos de Ourense.

Pode que quedase algunha no tinteiro, mais deixando a un lado os contos das parroquias, que en moitas ocasións se confunden con lendas, estou certo de que non lles vai resultar doado a moitos atopar máis lendas desta provincia.

Este é, de feito, o terceiro tomo dunha serie dedicada en exclusiva ás lendas de Ourense. Calquera que chegue a ter a posibilidade de ler os outros cando se publiquen descubrirá o esforzo que supón xuntar semellante cantidade de narracións.

Por unha banda, cómpre mergullarse nos textos dos clásicos para recompilalas, mais pola outra, fai falla un intenso traballo de campo con todas as penalidades que iso supón: paciencia con memorias que non lembran, vencer a enxebre desconfianza galega perante dos descoñecidos, viaxes por onde Cristo deixou as sandalias; congostras, corredoiras e carreiros que achegan a derradeira casa de aldeas deshabitadas, na que con moita sorte un só veciño vive e está disposto a falar...; e todo iso ao longo dos preto de cen concellos que compoñen a provincia de Ourense.

E o paso do tempo que non ten piedade de ninguén, para comprobar como na seguinte vez, co gallo de aclarar calquera dúbida, o vello ou a vella xa non están porque hai meses que lle entregaron a alma ao Señor.

E pescudas: tardes e noites interminables consultando artigos, ensaios e un feixe máis de información para xuntar textos espallados, estragados e perdidos que cómpre reconstruír, e para os que non chega cos fragmentos atopados,

O CAN DA MORTE

senón que é necesario incluso pescudar no maxín popular mesturado con fondas interpretacións antropolóxicas que permitan rescatar textos que ao cabo ficaban perdidos. Todo o cal converte este traballo en moito máis que unha simple escolma, convérteo nun texto indubidablemente científico de alto valor etnográfico.

Iso e unha restra de seráns pasados por auga, con ceos cargados de choivas ao acubillo dalgún carballo traidor —que me lembraba aquilo de “quen se acubilla debaixo das follas colle dúas veces a mesma molla”—, mentres que o labrego correspondente abafábame con cen preguntas sen me responder a primeira, malia que el estaba ao abeiro dun paraugas entremetres eu me mollaba.

Ou tardes de agosto nas que o sol derretía os miolos de calquera, coitado de min, en tanto que o aldeán durmía ledado a súa sesta baixo da sombra do seu tellado.

Moitos traballos e aínda máis horas dedicadas só a recadar información para despois botar outras tantas tentando sacar algo en limpo, para ao cabo escribir esta impresionante escolma de lendas.

Para rematar, chegou o intre de ter unha liorta co ordenador, o tempo e mais o senso común, xusto no momento de darlle unha orde a todo este material. Por unha banda, a lenda é un patrimonio oral, vivo e actual, polo que non se pode situar no tempo desde o intre en que se atopa en constante evolución; isto impediume darlle unha data como fío condutor. Por outra banda, non tiña sentido ordenalas por orixe. Valorei facelo por concellos, mais ao cabo tiña que poñelos por orde alfabética, xa que, pola contra, algún deles habíase de sentir alporizado por non ser o primeiro, ou por ser o derradeiro... Daquela considerei que o mellor sería escolmalas por temas, e así non habería ofensores nin ofendidos.

Ordenado por fin o texto, confeso que tiven a tentación de explicar cada grupo de lendas. Mais desta volta, no canto de facer unha fonda exposición antropolóxica e interpretativa dos elementos que encerra a lenda, decidín deixar de lado toda explicación para poder achegarse sen demora ao limiar da lenda en Ourense, da que agardo sinceramente que o lector goce.

Dicían que non había na serra de Queixa personaxe máis cruel que o conde de Trives, quen posuía un can adestrado para a guerra e que encirraaba contra dos seus vasallos. Tan fera era a besta que o propio aristócrata bautizáralo co nome de Demo.

Aínda que non tan grande como os mastíns que defendían os rabaños do lobo, era o can grande e o seu pracer de matar xente tal, que se dicía que matara máis de mil inimigos en batalla. Con todo, o de Trives descubrira as súas posibilidades para atemorizar e gañar a submisión dos seus servos.

Di a lenda que en certa ocasión o conde se presentou nunha vila do seu señorío, e tras reunir a todos os aldeáns na praza do rolo¹, cominounos a aumentar os tributos, mais como estes se opuxeron ameazounos co can.

Espavorecidos, os habitantes fuxiron a gorecerse nas súas casas. Entón o nobre ordenoulles aos seus homes de armas derrubar a porta dunha delas e fustrigar o can contra dos seus moradores, dando a fera conta de cantos aí estaban sen facer distinción entre cativos e vellos. Ante tamaña barbarie, a plebe someteuse ás pretensións do amo.

Pero aconteceu que entre as vítimas do tirano achábase unha fermosa doncela prometida en matrimonio cun parente seu do mesmo lugar. O raparigo, aflixido e ebrio de vinganza, tomou os seus mastíns e adestrounos como soubo para matar a *Demo*. Pero o seu proxecto non prosperou, dando o can boa conta dos cans pastores, e gañando polo tanto o desprezo dos aldeáns ao deixar ao rabaño sen defensa.

Avisado o de Trives, mandou prender o desgraciado logrando este darse a tempo á fuga por Verín ao veciño Portugal, onde se enrolou nun exército contra do infiel. E foi durante a súa estadía no país lusitano que coñeceu un xudeu que o tomou como pupilo no manexo de cans para a arte da guerra.

Así os anos regresou ás Terras Altas sen esquecer cobrar vinganza. Só a súa nai coñecía o seu regreso que, polo demais, mantivo en segredo. Grazas a ela atopou unha cadela grande en celo coa que na noite tomou o camiño cara ao castelo de Trives. Emboscado ao pé da muralla, prendeu a femia de xeito que o vento levase o cheiro ao alpendre onde o temible can estaba gardado. Cando ao Demo lle chegou o aroma, excitouse de xeito que o lacaiño encargado da

¹ O «rolo» era un poste de pedra que estaba no centro da praza das vilas e aldeas, sendo o lugar onde se convocaba o pobo para administrar xustiza. Nel aforcábase os condenados ou zoscábaselles cunha vara para exemplo de todos.

súa custodia se viu obrigado a ceibalo para que montase á femia, intre no que o raparigo aproveitou para asestarlle unha mortal puñalada ao criado.

Co can ocupado, o mozo, que tivera a precaución de untar o corpo cun aceite, agasallo do xudeu e que enmascaraba o seu propio cheiro, vestiu a roupa do secuaz do castelo para que o can non se decatase da entroidada, facéndoo preso no casarío. Unha vez alí, trebellou ao can coa súa armadura de guerra facéndoo invulnerable aos dardos e aceiros do inimigo, e ao amparo da noite, cando a garda adurmiñaba, coouse na torre da homenaxe encirrando o temible *Demo* contra do conde e da súa familia que durmían desprevidos.

Aos berros do aristócrata acudiu a garda, que non puido entrar xa que o intruso se asegurou de trancar a porta cunha trabe. Foi unha verdadeira carnizaría: o conde faleceu e toda a súa familia. Un dos seus fillos precipitouse ao baleiro por unha xanela para evitar as fauces da animalia. E nesta confusión, aproveitou o vingador para prenderlle lume á torre. Cando a garda por fin puido salvar o portón, atopouse co raparigo que fustrigaba o can contra deles para garantir a fuga. Tras dun baño de sangue, cando os soldados lograron ao cabo reducir a *Demo*, o mozo acadara xa as montañas desde as que berraba a súa vitoria aos catro ventos. Despois fíxose o silencio e nunca máis se soubo del. [1]

O PAXARO MALVÍS

Conta a lenda que un veciño de Monterrei que volvía de camiño á casa desde Zamora camiñaba entoando unha cantiga de amor que el mesmo compuxera para a súa amada.

Mais ao chegar a Monterrei atopouse coa sorpresa de que a súa compañeira o recibiu interpretando o mesmo canto. Confundido, acudiu a unha muller sabia para que lle desentrañase o misterio, ao que, segundo reza a tradición, a anciá explicoulle que non fora outro que un tordo de nome Malvís, que escoitando de lonxe o seu cantar transportouno polo aire a Monterrei onde llo comunicou á súa amada. [2] [3]

O OSO DE OSEIRA

É san Gonzalo das Penas un confuso personaxe venerado indistintamente en Portugal e Galicia. Natural de Terra de Montes, chegou a ser abade do mosteiro de Aciveiro, sendo enterrado no convento do que fora titular, nunha sepultura hoxe desaparecida.

Conta a lenda que naqueles tempos, cando Bernal Álvarez de Moscoso custodiaba como prisioneiro a Alonso II de Fonseca, mentres os de Lemos, Lanzós e os Osorio se entregaban a todo tipo de razzias, raiando o outono chegou san Gonzalo ás portas de Oseira en visita amigable, levando enriba do seu ombreiro unha fermosa pomba branca.

Apostadas no monte permanecían as tropas de Alonso de Lanzós dispostas a franquear os muros do convento á primeira oportunidade. Chegado á porta, o home santo chamou polo porteiro, mais este non acudiu por temor a que o exército asediador irrompese no mosteiro.

Conta a tradición que, ante tal situación, san Gonzalo bicou a pomba, que entrou voando no convento, e abríronse de súpeto as portas ante a aparición dun frade branco que lle franqueou o acceso ao visitante.

Deste xeito quixo a lenda que cando as tropas do de Lanzós quixeron aproveitar a ocasión para entrar no recinto, déronse de bruços cun xigantesco oso pardo alporizado e en posición de ataque que os puxo en fuga. [4]

O BUFO SEN MEDO

Conta a lenda que no treito que separa a aldea de Coba da de Pedrazás discorría unha comitiva de veciños en dirección a este derradeiro poboado, coa noite pechada no horizonte e alumeados por un lacónico facho de palla, máis para intuír que para ver o camiño. Á cabeza do séquito o portador da tea era o único que se sentía seguro de non ser atacado por algún lobo ao crese ao achego do lume.

No intre de acadar a estrema da fraga de Coba, decididos a vadear o río Navea, ao abeiro das tebras unha ave descomunal precipitouse contra do portador do facho aprisionándoo coas súas potentes poutas e sen que por máis esforzos que fixesen os seus compañeiros lograsen liberalo. Neste tronso a un deles ocorréuselle queimarlle co fachón as poutas ao monstro, logrando que a ave ceibase o coitado.

Adoecida, a rapaz caeu ao chan fumegando un cheiro ao chamusco, cando todos puideron comprobar que se trataba dun enorme bufo que non sobreviviu ás queimaduras. Un terrible e potente grallo ouviuse daquela procedente da fraga: era a femia laiándose da perda do seu compañeiro.

E di a lenda que nas noites de luar, cando a escuridade se apodera até da luz, ocultándoa, aínda se escoita o terrible chío do bufo laiando a perda do seu amigo, esperando algún camiñante desprevido que se atreva por eses contornos. [5]

O PAXARO DA MORTE

No Carballiño da miña infancia existía unha iluminación pública que desde a estrada de Señorín á praza das Galiñas, constituíase nunha única e simple lámpada de corenta e cinco watts empolicada a un poste e protexida por un prato a xeito de pantalla. Saír ás sete do serán no inverno na procura dunha vianda á taberna, era unha incómoda aventura levemente alumeada por unha lanterna eléctrica, ou por un candil de latón, coa incerteza e o desexo de non rematar por cruzar con algún sacaúntos. Hoxe a potente iluminación eléctrica desvelou o misterio que se agocha tras da escuridade da noite, pero aínda non hai tanto tempo que o día remataba coa posta de sol.

A noite foi sempre un espazo temido e fértil para a lenda, onde criaturas sobrenaturais alimentaban a imaxinación.

Quizais para evitar que as xentes saísen polas noites das súas casas, garantindo a seguridade das poboacións, ou como medio disuasorio para sortear conxuras contra o poder ao abeiro da sombra; ou quen sabe se até para previr liortas e disputas entre veciños, que á luz do día se agochaban tan fondo como os rancores, emerxeu todo un mundo de lendas protagonizadas por seres fantásticos que invitaban a gorecerse na seguridade do fogar.

A noiteboa é un paxaro que sempre espertou receos no home. Nocturno, de peteiro curvo desde cuxa embocadura saen unhas sedas a xeito de bigotes, e provisto dunha plumaxe con forma de follas, perfecta para a camuflaxe. Emite un desagradable e laioso grallo que non pode menos que inquietar a quen o escoita. Ave asociada á morte, dise que os seus berros anuncian un falecemento preto.

No Carballiño habitaba un home que, procedente da veciña localidade de Anllo, construíra unha vivenda despois de longos anos aforrando cartos como emigrante en Suíza.

Certa noite de inverno, máis escura que o inferno, no silencio do ceo escoltouse por riba do seu tellado o chío estridente dunha noiteboa.

O bo do fregués non era supersticioso, pero cando ao longo da seguinte semana o ouveo da ave rachaba insistentemente o silencio da media noite comezou a sentirse desacougado.

Certo día, xa de mañá, subiu ao faiado do inmovible, e para a súa sorpresa atopouse co niño da noiteboa no que piaban tres crías. De aspecto máis desagradable aínda que as aves vellas, o paisano meteunas nun saco de estopa e baixando á rúa amosoullas a todos cantos velas quixer.

Acertou a pasar por alí un esmoleiro que acotío pedía caridade pola vila, e aterrecido exhortou o veciño a que repuxese a fume de carozo o niño cos pitos ao seu lugar antes de que caese sobre el ou a súa familia a desgraza.

Burlón, o aldeán riuse do comentario do esmoleiro e mergullou o saco no río Carras con todo o seu contido, de xeito que os pitos afogaron.

Aquela noite, cando o silencio se apoderara do sono de todos os carballiñeses, escoitou un berro laioso ao non atopar as súas crías, e tras dun breve silencio, o grallo alporizado da femia noiteboa.

Cando á mañá seguinte se levantou a vila para os seus quefaceres a campá da igrexa Vella comenzou a soar a defuntos: o veciño falecera aquela noite de súpeto e sen explicación. Conta a lenda que foi a noiteboa que en vinganza veu buscar a alma do habitante incrédulo. [6] [7]